

Xogos e actividades para o 3º ciclo

Bo día nenos e nenas, son Mariña, a profe de PROA, acordádevos de min? Eu de vós si eh!!

Por iso vouvos mandar uns xogos que van servir de axuda a que vos acordedes do que fuchedes dando ao longo do curso.

Espero que vos **gusten e o pasedes ben!**

Estes xogos os podedes facer en compañía con algún familiar, xa sexa un irmán ou unha irmá, ou os vossos pais. A cuestión é divertirse un anaco e de paso aprender



Fortnite Desafío Matemático



Benvidos a un novo mundo de Fortnite xogadores/as. Ao longo do xogo acumularedes moedas que vos van permitir alcanzar a vosa recompensa.

Prepara as armas: lapis, goma, o teu caderno de PROA e ten a man esta clave, xa que coñecer o valor posicional dos números vai ser fundamental para poder abrir o baúl co teu premio:

609.792.356.861

CMMi	DMMi	UMMi	CMi	DMi	UMi	CM	DM	UM	C	D	U
6	0	9	7	9	2	3	5	6	8	6	1

609.792.356.861 =

6 CMMi + 9UMMi + 7 CMi + 9 DMi + 2 UMi + 3 CM + 5 DM + 6 UM +
8 C + 6 D + 1 U

Esta imaxe é solo a modo exemplo para ter a man unha guía de como se clasifican os números segundo a súa posición.

A continuación, unha vez teñamos todo isto preparado, tendes que entrar no apartado **MISIÓN**, escoller a nosa personaxe e ir completando os desafíos que aparecen no mapa.

En cada desafío ides atopar un grupo de malvados que vos van dicir acertixos. Para coñecer cal vai ser a vosa proba. Tendes que pinchar na imaxe dese grupo de persoas e aparecerá un pequeno texto.

Unha vez o teñades, apuntade a resposta no voso caderno de PROA para non esquecerla. A continuación, clicade na frecha para atrás, para volver ao mapa principal ata conseguir o voso premio

Cantos guerreiros/as seredes capaces de completar a misión?

Pinchade na seguinte ligazón e que comece a aventura!

<https://view.genial.ly/5cacfb9cb73ff60f5ff5ad3e/game-breakout-fortnite-desafio-matematico>

SUPER SINTATIC

ESTÁS PREPARADO?

Situámonos nun mundo onde os monstros da mala sintaxe teñen atemorizados aos cidadáns.

Neste aventura ímonos converter en súper heroes e combatiremos o mal a través do noso dispositivo tecnolóxico! Para iso teredes que pinchar na seguinte ligazón e seguir as pautas que nos van marcando. Non te confíes, o monstro está ao acecho e ante calque erro terás que comezar de novo...



Moita sorte e que a forza vos acompañe..

<https://view.genial.ly/5cceaf66db97e30f5d6308bc/game-super-sintactic>

Primeiro día de saída despois do confinamento

Como vai un par de días que puides saír de casa vouvos propoñer que na libreta de PROA fagades unha redacción de 10 liñas como máximo describindo como vos sentichedes ao saír despois deste tempo, contando os pensamentos que vos viñeron á cabeza.

Ademais, debaixo da redacción tendes que escribir unha palabra en letras grandes, dobles e decorada con cores sobre a emoción descrita na redacción. Cando rematades a tarefa, sacádelle unha foto ao caderno ou escanádeo e mandádemolo ao seguinte correo: marinas@edu.xunta.gal

Con todas as fotos que me mandedes vou facer un mural que compartirei con vós.

MOITO ÁNIMO!